

## Aprendizaxe automática

A aprendizaxe automática (aprendizaxe computacional, aprendizaxe en máquinas, aprendizaxe artificial...) é un ámbito da Intelixencia Artificial que se ocupa de que as máquinas poidan actuar máis alá do que os seus deseñadores establecen de forma explícita. A aprendizaxe automática permite resolver problemas aprendendo dos datos e de información representativa dos mesmos. Permite incluso deseñar produtos ou servizos para os cales o comportamento non se fixa en todos os seus detalles durante a fase de deseño, senón que a través da aprendizaxe en liña logra que estes melloren as súas prestacións e se fagan máis competentes unha vez postos en operación, en particular durante o seu funcionamento en contornas e para o tipo de problemas para os que se deseñaron.

A aprendizaxe automática está penetrando rapidamente na industria, na saúde, ocio, no ámbito doméstico...Sáibalo ou non, ao longo do día empregas múltiples dispositivos e servizos que integran técnicas de aprendizaxe automática e isto non é máis que o comezo. A aprendizaxe automática xa non é vista coma un alarde científico-tecnolóxico senón como unha disciplina indispensable para o progreso humano e para facer máquinas máis e máis intelixentes.

### Obxectivos científicos

- Deseño e aplicación de modelos ou métodos de clasificación, regresión e optimización.
- Aprendizaxe simbólica (reglas, árbores de decisión...) e subsimbólica (redes neuronais, máquinas de vectores de soporte, aprendizaxe profunda, computación evolutiva...)
- Aprendizaxe continua e online en sistemas multidispositivo
- Minería de datos e textos
- Minería de procesos
- Análise e interpretación de sinais, imaxes e vídeo

### Obxectivos tecnolóxicos

- Aplicacións en múltiples dominios: industria, saúde, educación, web...

### Queres saber máis?

Para colaboracións, visitas, etc. contacta con:

Senén Barro Ameneiro

[senen.barro@usc.es](mailto:senen.barro@usc.es)

[@senenbarro](https://twitter.com/senenbarro)

[senen.barro](https://www.linkedin.com/in/senenbarro)

## INVESTIGADORES ASOCIADOS

José María Alonso Moral  
Senén Barro Ameneiro  
Dora Blanco Heras  
Alberto Bugarín Diz  
Purificación Cariñena Amigo  
Eva Cernadas García  
José Manuel Cotos Yáñez  
Manuel Fernández Delgado  
Roberto Iglesias Rodríguez  
Manuel Lama Penín  
David E. Losada Carril  
Patricia Martín Rodilla  
David Mera Pérez  
Manuel Mucientes Molina  
Jesús María Rodríguez Presedo  
Eduardo Sánchez Vila  
Juan Carlos Vidal Aguiar

## PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

ADHERE-U: Modelos, técnicas e metodoloxías baseadas en Intelixencia Artificial para a mellora da adherencia terapéutica  
QC4SUSTEX: Autenticación e seguridade de téxtiles sostibles e desenvolvemento de dispositivos para o control...  
Aprendizaxe máquina "glocal" e continuo para unha sociedade de dispositivos intelixentes

[Ver todos](#)

## PUBLICACIÓNS

*Magnetic Resonance Imaging, texture analysis and regression techniques to non-destructively predict the quality characteristics...*  
Engineering Applications of Artificial Intelligence, 2019

*Explainable Artificial Intelligence for Kids*  
11th Conference of the European Society for Fuzzy Logic and Technology, 2019

*Early detection of risks on the Internet: an exploratory campaign*  
41st European Conference on Information Retrieval, 2019

[Ver todas](#)